

Venres, 21 de xullo de 2023

Núm. 141

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Persoal, oposicións

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUIDAS DO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE DESEÑO E IMAXE, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICO/A MEDIO, PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Expediente: 2023041528

Asunto: Relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas do proceso selectivo dunha praza de Técnico/a de deseño e imaxe, encadrada na escala de Administración especial, subescala técnica, clase técnico/a medio correspondente á convocatoria de promoción interna horizontal (DT 2ª RDL 5/2015, 30 de outubro, EBEP) de 79 postos de traballo de persoal laboral fixo da Deputación de Pontevedra

Trámite: Aprobación da relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas

O Presidente, en virtude das competencias que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

De conformidade co disposto na base décimo primeira da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 111, 9 de xuño de 2023, de promoción interna (DT 2ª RDL 5/2015, 30 de outubro, EBEP) de 79 postos de traballo de persoal laboral fixo da Deputación de Pontevedra, RESOLVO aprobar a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso de selección dunha praza de Técnico/a de deseño e imaxe, encadrada na escala de Administración especial, subescala técnica, clase técnico/a medio, que figura como Anexo I desta resolución. Na mesma se determinan as causas de exclusión.

Esta Resolución publicarase no BOPPO e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/>).

Tanto as persoas aspirantes excluídas coma as omitidas, por non figurar nas relacións de admitidos, disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no BOPPO, para poder emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou omisión.

Segundo a base décimo segunda, o prazo para presentar os méritos será de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará no BOPPO e na sede electrónica.



Venres, 21 de xullo de 2023

Núm. 141

As persoas admitidas recibirán un código de inscrición o día de publicación da lista provisional, a través dunha mensaxe SMS, que permitirá presentar a documentación relativa á fase de méritos.

Despois de concluído este prazo ditarase unha resolución definitiva coa relación de admitidos, a composición do tribunal de selección, a data da súa constitución e do primeiro exercicio, que se publicará no BOPPO e na sede electrónica (<https://sede.depo.gal/>).

Asinada dixitalmente á marxe

Anexo I
Técnico/a de deseño e imaxe, encadrada na escala de Administración
especial, subescala técnica, clase técnico/a medio

Persoas aspirantes admitidas

<i>Núm.</i>	<i>NIF</i>	<i>Nome completo / Rexistro</i>
1	***6326**	DOMINGUEZ DE LIMA, ANABEL

Non hai persoas aspirantes excluídas

